

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 21 de marzo de 2014, ás DEZ HORAS E TRINTA MINUTOS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/14, do 7 de marzo.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número catro dos da Coruña, do 14/02/2014, recaída no PO 59/2012, interposto pola entidade ABS Informática, SL, contra Resolución da Presidencia desestimatoria de recurso de reposición, en relación coa resolución do contrato de prestación do servizo de asistencia económico-contable aos concellos, adquisición e posterior mantemento dun programa para o tratamento da contabilidade.

3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 05/03/2014, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no recurso PO 4064/2014, interposto ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo Concello de Narón, sobre acordos adoptados o 20 e 26 de decembro de 2013, que aproban definitivamente os expedientes de modificación de créditos 4 e 5 do ano 2013.

4.- Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número catro dos da Coruña, do 19/02/2014, recaída no recurso nº PA 152/2013, interposto por don Antonio Mosquera Márquez, sobre sanción de tráfico.

5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 28/02/2014, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 47/2014, interposto por don Francisco Javier Beloqui Blanco, sobre sanción de tráfico.

6.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 12/03/2014, pola que se dispón a comparecencia no PA 33/2014, interposto por don Fernando Berdugo González, contra o Concello de Ames, sobre sanción de tráfico.

7.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 07/03/2014, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 42/2014, interposto por don David Framil Negreira, sobre responsabilidade patrimonial.

8.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 10/03/2014, pola que se dispón a interposición de recurso de amparo, ante o Tribunal Constitucional, contra o auto da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, do 29/01/2014, corrixido por auto de 26/02/2014, polo que se desestima recurso de nulidade de actuacións promovido por esta Deputación provincial contra a sentenza do TSXG, do 31/10/2013, recaída en recurso de apelación contra sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos da Coruña, do 17/04/2013, recaída no PO 297/2011,

interposto por dona Isabel Méndez Mena, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial.

9.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 11/03/2014, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 43/2014, interposto por don Francisco Balado Valiño, sobre responsabilidade patrimonial.

10.-Toma de coñecemento do auto do 10/02/2014, recaído no procedemento 54/2005, en relación coa querela formulada pola Fiscalía da Audiencia Provincial de Lugo, polos presuntos delitos de prevaricación, falsidade documental e tráfico de influencias contra deputado provincial, na súa condición de membro da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da Cidade e Camiño de Santiago.

Persoal

11.-Solicitud de María Fernanda Arenas Santin de compatibilidade para desempeño de actividade profesional privada.

12.-Bases de convocatoria por consolidación de emprego temporal dunha praza de costureira, grupo E de persoal funcionario.

Asistencia Técnica Urbanística

13.-Modificación 4 das normas subsidiarias de planeamento de Vimianzo.

ROGOS E PREGUNTAS